

# Programa AGRUPA. Principios informadores

## 1. Obxecto

O Programa AGRUPA é unha iniciativa que persegue fortalecer e consolidar as capacidades para a investigación, o desenvolvemento e a innovación dos grupos, as unidades de investigación e o persoal investigador individual da Universidade da Coruña (UDC). Con este fin, quere prestar apoio técnico e económico para introducir melloras en ámbitos prioritarios de desenvolvemento tales como a reorientación do seu foco estratéxico, a agregación de capacidades ou a procura de sinerxías con outros grupos, o reforzo do liderado, a xeración dunha produción científica con maior impacto, a dinamización das súas actividades de transferencia e/ou o aumento da captación de recursos.

A xestión deste programa, que promove a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia (VIT), será unha acción coordinada que articulará a Oficina de Coordinación de Centros e Unidades de I+D+i (en diante, REDCIDI), quen cooperará e recibirá soporte para a consecución dos fins do Servizo de Investigación (SERIN), a Oficina de Transferencia de Coñecemento (OTC), a Oficina de Captación de Persoal Investigador (OCPI) e a Oficina de Proxectos Internacionais (OPI). Outras entidades relacionadas coa investigación tamén poderán sumar oportunidades e accións complementarias.

O Programa AGRUPA tomará como base de referencia do nivel mínimo que os grupos deben alcanzar, os criterios mínimos que fixe a Xunta de Galicia nas axudas que poida ir convocando para o financiamento de grupos. Xa que logo, poderá variar as súas condicións para adaptarse ás esixencias que poidan xurdir neses procesos.

## 2. Instrumentos

AGRUPA baséase na aplicación combinada de servizos de asesoramento e incentivos económicos para definir e implantar itinerarios de mellora que incidan nos ámbitos prioritarios para o desenvolvemento e fortalecemento dos grupos, as unidades de investigación e o persoal investigador individual da UDC.

### 2.1. Asesoramento técnico para definir itinerarios de mellora

Os grupos de investigación, as unidades de investigación e o persoal investigador individual da UDC que participen no Programa AGRUPA terán á súa disposición un equipo multidisciplinar de xente experta que, baixo a dirección da REDCIDI, lles proporcionarán asesoramento na definición e implantación dun itinerario de mellora continuo. Este equipo asesor, especializado en áreas de promoción e xestión da investigación, poderá á súa vez ser auxiliado por especialistas nos diversos campos de acción e coñecemento da actividade investigadora.

Prevese unha tripla composición do equipo:

1. Apoio do persoal técnico de xestión, administración e servizos da UDC (con achegas da REDCIDI, a OTC, o SERIN, a OPI e a OCPI).
2. Consultorías externas especializadas en I+D+i.
3. Servizo puntual de mentoría de persoal docente e investigador (PDI) da UDC con coñecemento experto na disciplina e temáticas da investigación e/ou cuestións transversais comúns a todos os ámbitos temáticos.

#### Actividades do servizo de asesoramento:

- Sesións diagnósticas  
Reunións co equipo asesor centradas nestes labores:
  - Presentación do grupo de investigación, a unidade de investigación e o persoal investigador individual.

Código Seguro De Verificación	J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:48
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==">https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Elaboración conxunta dunha análise DAFO preliminar.
- Identificación dos ámbitos prioritarios de desenvolvemento.
- Análises a cargo do equipo de persoal experto  
 Traballo de gabinete a cargo do equipo asesor para revisar a información proporcionada polo grupo, a unidade ou o persoal investigador individual, amais de revisar a análise DAFO e realizar propostas de mellora.
- Sesións propositivas  
 Reunións co equipo asesor centradas nestas tarefas:
  - Elaboración dun itinerario de mellora.
  - Definición dun cronograma para a súa implantación.
  - Establecemento de fitos de seguimento.
- Seguimento a cargo da REDCIDI  
 Reunións periódicas en liña para coñecer o estado da implantación do itinerario de mellora e o seu impacto.

#### Ámbitos obxecto do itinerario de mellora:

Os itinerarios de mellora poderán abordar distintos aspectos relacionados coa organización do grupo e a súa dinamización, as capacidades de investigación e transferencia do grupo e a súa estratexia de financiamento. Por exemplo, cabe citarmos os seguintes:

- Definición da estrutura organizativa do grupo: agregación e reordenación de capacidades.
- Reforzo do liderado.
- Actividades de dinamización do grupo de investigación para a procura de sinerxías e a mellora da cohesión interna.
- Reorientación do foco estratéxico da investigación.
- Reorientación dos ámbitos sectoriais e sociais de proxección do grupo.
- Mellora da produción científica.
- Reforzo das actividades de valorización e transferencia.
- Impulso das actividades de ciencia aberta.
- Impulso das actividades de internacionalización.
- Potenciación da captación de recursos procedentes de fontes públicas e privadas.
- Implantación de sistemas de control e xestión.
- Outros enfoques que se consideren de interese.

#### Selección dos grupos:

Tendo en conta o elevado número de grupos, unidades e investigadores/as individuais que existe actualmente na UDC, o Programa AGRUPA prestaralles especial atención aos seguintes grupos obxectivo:

1. Grupos de investigación con avaliacións desfavorables na convocatoria de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia.
2. Grupos de investigación que non se teñan presentado ás convocatorias da Xunta pero cumpran os requisitos mínimos para presentarse.
3. Grupos de investigación de nova constitución ou configuración que poidan cumprir os requisitos mínimos para presentarse ás convocatorias da Xunta.
4. Grupos de investigación acreditados como grupos de potencial crecemento (GPC) que queiran optar á categoría de grupos de referencia competitiva (GRC).

<b>Código Seguro De Verificación</b>	J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:48
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/4
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==">https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5. Grupos acreditados como GRC ou GPC que desexen incrementar o nivel de financiamento captado na convocatoria de estruturación e consolidación de unidades de investigación da Xunta de Galicia.
6. Grupos que se consideren estratéxicos pola súa área de actividade ou as condicións do contexto. Neste sentido, poñerase especial énfase no soporte ás áreas de Artes e Humanidades, dun lado, e Ciencias Sociais e Xurídicas, do outro.
7. Unidades de investigación que desexen constituírse como grupos.
8. Persoal investigador individual que desexe integrarse en estruturas de grupo.

## 2.2. Apoio económico

As accións de AGRUPA financiaranse tanto con fondos propios da UDC como con achegas basais ou finalistas que poidan solicitarse para tal fin.

Procurarase que os grupos poidan acceder a un financiamento basal interno que cumprirá este dobre obxectivo:

- Manter a actividade investigadora e de transferencia do grupo.
- Promover e consolidar a investigación e a transferencia.

Adicionalmente estableceranse outras accións, así como financiamento *ad hoc*, para conseguir os obxectivos propostos, tales como estas:

- Elaboración dunha guía da estratexia que o grupo ha de seguir para acadar a mellora do seu desempeño.
- Consultarías externas específicas para abordar accións de mellora.

## 3. Obrigas derivadas de participar no Programa AGRUPA

Os grupos de investigación, as unidades de investigación e o persoal investigador individual que desexen integrarse no Programa AGRUPA comprométese ao seguinte:

- Concorrer ás axudas de financiamento interno basal que para iso poida convocar a UDC.
- Concorrer, cando se cumpran os requisitos mínimos, ás axudas de financiamento estrutural que convoque a Xunta de Galicia.
- Considerar as propostas de reconfiguración que se lles propoñan. Formar grupos financiáveis no ámbito autonómico é unha das misións básicas deste programa. Neste sentido, a REDCIDI poderá propoñer cambios na composición dos grupos e as unidades (fusións, absorcións ou outras alternativas) con base na busca da máxima eficacia na formación de grupos exitosos nas convocatorias autonómicas.
- Considerar as propostas de fortalecemento do liderado. A REDCIDI propoñerá mecanismos de gobernanza nos que se cumpran criterios adecuados de liderado científico (en todo caso, a persoa IP dun grupo ten que cumprir un dos criterios adecuados de solvencia científica e capacidade de xestión).
- Asistir ás sesións diagnósticas e propositivas que se convoquen, así como cubrir os cadros de indicadores de partida e de execución asociados ao itinerario de mellora. Igualmente, de ser o caso, terán que elaborar un breve informe sobre o uso e o impacto xerado cos recursos obtidos co financiamento basal da UDC.
- No caso de que exista algunha variación estrutural ou na composición do grupo ou a unidade, comunicarán as modificacións ao Catálogo de Investigación da UDC que, á súa vez, as notificará á REDCIDI.

Código Seguro De Verificación	J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo		Asinado	06/02/2025 13:18:48
Observacións			Páxina	3/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==">https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==</a>			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



## 4. Mecanismos de control

**Ex ante:** con anterioridade á súa inclusión no programa comprobarase:

1. que os grupos de investigación, as unidades de investigación e o persoal investigador individual que sexan os seus beneficiarios estean integrados por persoas que teñan a consideración de persoal investigador activo;
2. e que as persoas propostas para coordinar os grupos acrediten un desempeño adecuado da súa función investigadora e capacidade de xestión.

**Seguimento:** como resultado de participar no proceso de apoio técnico do Programa AGRUPA, estableceranse os seguintes mecanismos de monitorización:

1. Un sistema de seguimento do itinerario de mellora definido que establecerá a asignación de responsables a actividades e a definición dun panel básico de indicadores de execución.
2. A presentación dun itinerario de mellora cun cronograma asociado onde se sinale o estado actual.
3. Periodicamente, os beneficiarios e as beneficiarias do Programa AGRUPA manterán reunións de seguimento co equipo coordinador da REDCIDI para informalo sobre a implantación do seu itinerario de mellora. No caso de se producir desviacións respecto dos obxectivos fixados, estableceranse medidas de axuste.

**Ex post:** as persoas coordinadoras dos grupos e as unidades de investigación, así como os/as investigadores/as individuais, que reciban financiamento basal interno daranlle conta á REDCIDI do uso destes recursos e do impacto xerado, nun informe anual. A análise do devandito informe anual por parte da VIT poderá comportar o cambio de orientación da asignación dos recursos técnicos e económicos que se poñan á súa disposición nos anos sucesivos.

Para tal fin estableceranse tres categorías:

- A: grupos, unidades de investigación e persoal investigador individual que, executando o itinerario de mellora, conseguiron mellorar o seu rendemento medido en termos dos indicadores establecidos no proceso de apoio técnico do Programa AGRUPA.
- B: grupos, unidades de investigación e persoal investigador individual que executaron o itinerario de mellora seguindo o plan trazado, pero que non conseguiron mellorar o seu rendemento en termos dos indicadores establecidos no proceso de apoio técnico do Programa AGRUPA.
- C: grupos, unidades de investigación e persoal investigador individual que non implementaron o itinerario de mellora resultante do proceso de apoio técnico do Programa AGRUPA.

## 5. Desenvolvemento do Programa AGRUPA

En función da experiencia acumulada e das necesidades ou oportunidades que xurdan, a VIT poderá ditar instrucións que complementen e desenvolvan o Programa AGRUPA. Estas instrucións deberán estar en consonancia cos principios informadores que aquí se recollen.

## 6. Rendición de contas

A REDCIDI integrará na súa memoria anual, que explica as accións realizadas, o uso dos recursos dedicados a AGRUPA e incluírá indicadores que permitan observar o impacto dos fondos destinados ao financiamento basal dos grupos.

Código Seguro De Verificación	J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	06/02/2025 13:18:48
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==">https://sede.udc.gal/services/validation/J51nRL6uf8SwmHC22JAzog==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

